

XXV Festival da Poesia no Condado. Sem as mulheres nom há revoluçom

Formas de citación recomendadas


1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

XXV Festival da Poesia no Condado. Sem as mulheres nom há revoluçom (2011 [2011]). Salvaterra de Minho: S.C.D. Condado. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1528>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

XXIV Festival da Poesia no Condado. Sem as mulheres nom há revoluçom (2011). Salvaterra de Minho: S.C.D. Condado.

- * Edición dispoñíbel desde o 9 de decembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



**SEM AS MULHERES
NOM HÁ REVOLUÇOM**

**XXV FESTIVAL DA POESIA
NO CONDADO**

S.C.D. CONDADO

**XXV FESTIVAL
DA POESIA
NO CONDADO**

SEM AS MULHERES
NOM HÁ REVOLUÇOM

2 E 3 DE SETEMBRO
SALVATERRA DE MINHO
2011

S.C.D. CONDADO

S.C.D. Condado, 2011

Maquetação e Desenho:

Nadina B. S.

Imprime:

Sacauntos

Imagens:

Capa-contracapa, Gustav Adolf Spangenberg

p. 6, X.Arias

p. 10, As Candogas

p. 62, Olga Capdevila

p. 70, p. 24, redefeministagalega.blogaliza.org

p. 78, nomepisesofreghao.blogaliza.org

O resto das imagens foram tiradas
de internet e modificadas.

Índice

- Limiar (Ana Romani), 7
Andrea Nunes Brións, 11
Catarina Nunes de Almeida, 19
 Claudio Pato, 23
 Iolanda Aldrei, 33
 Lorena Souto, 37
 Manuel Darriba, 43
María do Cebreiro, 47
 María Rosendo, 55
Paula San Vicente, 61
 Séchu Sende, 69
X. M. Álvarez Cáccamo, 77



ISTO NON É UN LIMIAR

Ana Romani

Nas latrinas do mundo, na súa insolente impiedade.

Nos ocos que as leis abren, naqueles nos que nin as declaracións se asoman.

Nas pastosas palabras que reiteran o baleiro, o lugar común, a condescendencia, o paternalismo.

Na violencia extrema da vida diaria, da negociación na renuncia.

Nos traballos de prestado, sen dereitos, sen dereito.

Na carne exposta en venda nos anuncios.

No escuro da casa.

Nos coidados dos corpos enfermos e exhaustos que ninguén coida, aí no escuro da casa. No desgaste óseo de anos en vixilia.

Nos abismos da familia que enche aquelas bocas, nas súas trampas.

Nas carnes púberes do turismo sexual e nos corpos encorvados das que cavan a terra, das que seguen a cavar a terra, a terra que non é súa, tampouco a lingua as nomea.

Nas horas áridas que se estenden cos anos e na ira da estafa.

Nos sotos da fábrica sen ceo e nas agullas que atravesan esas mans pequenas.

No escuro da rúa, nas súas esquinas, alí onde case ninguén mira, e nos corazóns exhibidos en prime time.

Nos corpos mazados das mortas que eles matan, nos das que non matan e atan cada hora ao seu paso.

Nas cancións de amor que tararean a sombra do desprezo.

Na exclusión das que non pactan nin negocian nin planean nin redactan nin dialogan nin declaran, senón que recollen os restos dos papeis e abrillantan esas mesas e limpan as moquetas e fregan as baldosas das salas de reunión.

Nas mans envellecidas que cosen a deshora os restos da súa vida.

Nos pés curtidos das que andan a terra á procura de auga, nas súas terras enxoitas usurpadas espoliadas.

Na metade do ceo que sosteñen as que nunca serán aviaadoras.

Na alta dignidade das que chaman vítimas e son en realidade rebeldes, na defensa mortal da súa liberdade, na alta dignidade da súa rebelión, esas que eles matan.

No valor das que cada día van descolgando pouco a pouco os seus medos e na beleza das que danzan ao velas.

No cansazo das exhaustas de estar a comezar sempre e na paixón das que sempre comezan.

Nos corpos delas, campo de batalla de todas as guerras.

Aí radica esta furia e esta razón.

Non queremos un sitio, queremos outro lugar.

Poetas



NUNCA OCULTEI
UNHA NENA
SER
MALA

Andrea Nunes Brións

Andrea naceu en Marín baixo un frorecente manto de escamas. Trasládouse a Compostela fuxindo dos verquidos tóxicos de Ence. Alí entrou en contacto con diferentes persoas que acreditan nun mundo fóra do patriarcado capitalista. Nos seus momentos libres cursou a carreira de Filoloxía. Agora despois de rematar un mestrado, procura emprego ben remunerado mentres escribe poemas e fai vídeos coas Candongas do Quirombo. Acaba de publicar o poemario *Todas as mulleres que fun* coa editorial Corsárias, e previamente sacou *Corrente do esquecemento* (Aturuxo, 2007) Colaborou en diferentes publicacións galegas como *Dorna*, *Nova Ólisbos*, *Andaina*, *Revista Galega de Teatro*, *AulaFoto* ou *Tempos Novos*.

○ TALLE 50

Nas tendas de talles grandes, todas somos raíñas, ferozes raíñas con pel elástica e vertixinoso envoltorio da calor.

Cos peitos xigantísimos, atléticas levantadoras de peso.

Ás veces teño cartos (non moitos) pero ás veces teño e podo tentar mercar algún pantalón que non me aprese, algunha saia de cores ou algunha camisola que non sexa desigual. Claro, nestas tendas, atopo moitísima vestimenta (máis carnaza para a moda-capitalista) e xogo a vestirme e espirme porque xa non choro nos probadores.

Son selectiva e aínda que a dependenta me anima a experimentar coa moda, atopo incluso un cárcere nestas teas, para «tallaje anchote» como ela di.

Imitando o talle trinta e oito na cincuenta e oito vén sendo o mesmo; moda opresora para a muller.

— Mire, señora, eu non podería traballar con este vestido posto...

— Xa meniña, pero vas tan á moda, séntache tan ben...

Saio da tenda o antes que podo, e de camiño á casa chámoa;

— Volvín á tenda, estou algo triste. Estou fóra dos talles e tamén do que é moda.

Claro que sempre poderei apuntarme a un curso de deseño ou confección e aprender a facerme a miña propia roupa, (fóra das regras do mercado)

Ela ri e dime;
Para que queres aprender a vestirte, cando o que precisas é
aprender a espirte?

Que empeño por levantar a cabeza

Ana Romani

NON TODAS PREFERIMOS O PAXARO NA MAN
A OUTRAS DÁNOS POLO CENTO VOANDO...

Insubmisión
'pour femme'

Chus Pato

Fatma Allou, Habiba Djahnine,
Sojourner Truth, Frances Harper
Fadela Amara, Bell Hooks, Alice Walker
Ann Douglas, Tania Modleski
Andrea Dworkin, Agorati, Susie Orbach
Chandra Talpade Mohanty, Nawal Saadawi
Fatima Mernissi, Daughter of Bilitis
Betty Friedan, Agorati, Simone de Beauvoir
Sulamith Firestone, Gail Chester
Vandana Shiva, Alexandra Kollontai
Hélène Cixous, Germaine Greer
Kate Millet, Julia Kristeva, Wangari Maathai
Ann Oakley, Agorati, Nancy Chodorow
Adrienne Rich, Mary Daly, Rachel Spegh
Cristina de Pisán, Rosalia de Castro
e agora ti.

Correspóndeme esta parte da cidade,
este transgresor desexo non acorde ós teus criterios,
percorrendo pedra por pedra a mesma rúa,
a dicotomía da cidade.

Correspóndeme a utopía que galopas incrédula
que esculpín nas noites que non estabas.
Cápsula pechada de poros abertos
onde ti *camiñas mordendo froita* toda a tarde,

Describir o comezo,
xurar que estiven aquí moito tempo antes de ter chegado
xogo a atoparte de casualidade.
Diáspora da cidade.

Mais a cidade non era isto,
a incertidume,
transcorrer coma quen mira o ceo,
as mil burbullas convivindo xuntas.
A cidade era estas ganas de cambiar o mundo,
de ser outras,
as fontes todas rebordando humidade.

A cidade eras Ti,
ou noutras palabras;
todo o que esperaba de min mesma.

Porque esta Matria contrúese logo de perder o medo.
logo de me confesar impune,
logo de te querer até a saciedade e aínda

Constrúese deconstruíndonos.
e berrando *que somos eucaliptas!*

Fíxose da terra que nos dá de beber
e mailo mar que nos rouban.
(Nunca mais, máis unha vez)

Das árbores que medran no patio traseiro
E velaí esta mescolansa de pretéritos e
vontades, este ser incondicional ,
esta revolución sen «r».

E tornarse Matria este fogar entre versos que posúe algo
[máis
ca sonoridade característica,
algo máis que o feito de ter lingua
(e utilízala)

Algo así como lamber a pel e sentir o sabor do Atlántico
E deixar o sincrónico para despois da cea
Isto é ;
algo así como unha, que é máis veces outras que ela
[mesma.



O FEMININO
NOM É
ÁNTI-FEMINISTA

Catarina Nunes de Almeida

Nasceu em Lisboa em 1982. É licenciada em Língua e Cultura Portuguesa pela Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa. Nos últimos anos foi docente na Universidade de Pisa, em Itália. Antes de *Bailias* (Deriva, 2010), publicou em poesia: *Prefloração* (Quasi, 2006) —obra vencedora do Prémio de Poesia Daniel Faria e do Prémio do P.E.N. Clube Português para a Primeira Obra; e *A Metamorfose das Plantas do Pés* (Deriva, 2008) —obra editada simultaneamente em Portugal e Itália. Prepara uma Tese de Doutoramento sobre a poesia portuguesa contemporânea e as estéticas orientais na Faculdade de Ciências Sociais e Humanas (Universidade Nova de Lisboa).

Bailam as raparigas
as mãos nas mãos
das raparigas
nos cabelos das raparigas
dos pinhais
até aos seios.

Bailam as raparigas
a sós com a noite
com ancas ondeadas
de raparigas
rente aos caules
pelos caminhos curvos do vento
de ventres entrelaçados
derrubadas as tranças:
só manchas de pele na pele
anunciando levemente
o suor das sombras.

Bailam as raparigas
o círculo aberto seguindo
como uma veia
coreografia de saias de cios
golpes nenhuns por ninguém.

Bailam as raparigas
mães d'água.
E de manhã flutuam remos
e amontoam-se mastros
exangues.

(De *Bailias*, 2010)

Elas vinham todas tão juntas que já nem pareciam
gente à toa todas tão juntas mais pareciam
uma imensa solidão.

Esperavam pelo sino da tarde
como quem espera lugar
no céu de alguma boca
e resvalavam pela ladeira
todas tão desenhadas
tão cheias de si e de lençóis
que os passos mais pareciam
palavras de salvação.

Era dali que corria do fundo do teu nome corria
o grande aqueduto das éguas livres.

E tu muito bem plantado à sombra dos arcos
no teu triunfo

como uma tarde atingida por lilases
o vaso queimado pela mudança da estrela
eras tão lentamente

tão deliciosamente a uva humana
a ânfora completa
sentada à direita do pão.

Deixemos crescer a erva
com uma flauta de fundo
com a adolescência toda de fora.

Deixemos crescer a erva
como se fosse parte da fauna.

A erva crescida interessa-me tanto.
A erva crescida fica bem com a tua barba.

Deixa-me embarçar
a erva.

Deixa que nos confundam
que pensem que somos
um pouco menos do que erva
que somos exemplares na nossa solidão
que somos um tempo húmido e miserável
que somos só
um
templo
um
tumulto.

(Inédito)

Claudio Pato Díaz

Ourense, 1962

LIBROS PUBLICADOS:

O almorzó do pintor de iconos Andrei Ruvlef, Xerais (1997)

Unha vida de traballo nos bosques do cânavo, Xerais (2002)

Como estás? Estaleiro Editora (2011)

INÉDITOS:

Se o bruido e o amonal na casa das abellas (1991)

Libro de Xacobe (1992)

LIBROS COLECTIVOS:

Poetas galegos en Madrid, Ed. Do Castro (2001)

Xuro que nunca voverei pasar fame, Difusora de letras,
artes e ideas (2003)

Negra sombra, Xerais (2003)

COLABORACIÓNS:

Bitácora escarlata, www.redesescarlata.org

REVISTAS:

Dorna, *Madrival*, *Loia*, *Revista das letras*



Unha tarde faloume Begoña:

—Sabes estou a escoitar discos do Neil Young, e sabes penso que debo aprender a cantar.

PANKARTA BRECHT.:

NON CONECTAR CO BON TEMPO PASADO,
SENON CO MAL TEMPO PRESENTE

TESES PARA UNHA LECTURA PUNK DA SITUACIÓN
ACTUAL DA LOITA DIARIA DA LOITA FINAL MÁIS
UNHA CANCION DE AMOR

onde colocar o tocadiscos

os desbordamentos sinápticos da kabezota do leo

o sofá o bar a diskoteka

1. o punk es ti
2. unha inversión dos ritmos
3. unha de (s) (cons) trucción do condicionamento existente
4. a caosmosis cando me falas do funcionamento do nervio ótico e o cruce do quiasma
5. o punk son as orellas d*s burr*s

as situacións dos suxeitos parlantes

as leis do mercado

a roupa sen lavar

6. as hortas que resisten nos arredores de Mátama e as mans que as sosteñen e toda esa terra negra que em-

porcalla a lei capitalista e burguesa que espectaculariza as mercadorías

7. unha necesidade soñada socialmente
8. as greves da fame cada pouco día tras día e a canción pan! pam!! punk!!!
9. todos e cada un dos versos do *reclamo a liberdade pró o meu pobo*

as cores

as frases comúns

os días os saúdos e as carpas dos cirkos

10. o punk é un acontecemento
11. un socialismo UNHA INTERNACIONAL

cando pensas nalgúns animais que deixan o seu rastro ao pasar pola beira rúa pensas nos caracois e tamén e tamén e tamén nas luras. o punk é unha marca unha agrupación de caracois de luras.

12. unha revolución
13. unha prolongación diaria da liña de universo colectiva
14. un estado de excepción solidario d*s outr*s asasinad*s

teño un camarada que escribe «*non mil primaveras se non mil vienans*»

15. poder facer o tonto ou a tonta con alguén, e que ise alguén saiba que estas a facer o tonto ou a tonta
16. a trompeta do elefante
17. os ceos sobre Salvaterra

MOITAS LAURAS CANTANDO O ORTIGHEMONOS
TODAS É A LOITA FINAL

*bio-transportados polos nosos corpos
polas nosas condicións materiais de vida
pola excelencia das nosas zapatillas*

ISO CHÚPALLE AS DESORDES
Á CARNE DOS ESPAGUETES
CACHUCHA DE PORKO MOTOR LOVE

Adolfo dunha volta estiven na túa casa.

Dunha volta estiven na túa casa, Adolfo. Nos quince minutos que tardamos en chegar, en coche, dende o portón á vivenda, Adolfo, deume tempo de pensar. Comparaba as hectáreas do teu predio co metro cadrado dos talleres en que Miñanai traballaba para ti. Adolfo.

PANKARTA BRECHT.:

DE TÓDOLOS XEITOS, A LOITA DE CLASES EN
LUGAR DUN TRAIADOR, UN DECADENTE OU UN
MALVADO

Adolfo pan! pam!! punk!!!

—

O punk non é un estilo. Non é unha música, unha roupa, uns textos. O punk é unha actitude e a última das vangardas do século xx, herdeira de dadá e os situacionistas, como escribe Greil Marcus. O punk transfórmase e rebenta en moito máis de sete estralos. Dálle a volta á tortilla da arte

subida ao trono, para as elites. A arte é un tesouro que nos foi roubado. Non é dedicarlle a vida á arte, senón que a arte nos faga libres. A poesía non é de quen a escribe, senón de quen a goza. O punk rock repártelle kalashnikovs ao pobo en forma de guitarras eléctricas. A Internet é o último chanzo da revolución punk, que comezou cando Duchamp lle deu a volta a un mexadoiro e lle chamou Fonte.

con Leo e para +s paias+s en rebeldía, porque onde pon punk tamén pon clown- palestina libre

VILA

que *fai Vila na alfombra aniñada?*

que mira Vila na mesa?

escoita Vila a voz de Nico?

escoita as cancións melancólicas de Morcheeba?

aniñase Vila sobre o sexo inmenso da habitación onde traballan Josechu e Gloria?

son os movementos de Vila ao igual que os movementos dos labios de Sylvia movidos por un amor que até o de hoxe nos era descoñecido?

sente Vila todo ese territorio que pensa o amor e que Gloria pon nas pinturas?

ou é o azul que recobre poro por poro o corpo de Vila o que leva a Josechu a cociñar todas as tardes para Gloria?

vicious 18.

Vila é para Vila

POR QUE ME CHAMAS PUTA...

M vive no nivel laranxa das categorías que articula X
á vez X vive no nivel azul das categorías que articula M
L estuda cando menos as políticas do que deron en chamar

[muller

A vive parte dos seus días agochada entre as pólas dun

[magnolio

e M non deixa de escoitar o disco de Lou Reed

[Transformer

M vive dos labios de X

E X dos labios de M

A estuda filosofía en tanto fixa o seu sentimento na

[entreperna de

P que vive parte dos seus días deitada sobre dos brazos de L

Etcétera

SECUENCIA BETA

podes dicirme, dixo ela, dixo Austerlitz, cal é a razón de que sexas tan inaccesibel?

Galicia consulta o seu plan crediticio e ve difícil xantar no hotel onde vive o home-araña.

sobre as frechas que atravesan o sofá

—Perdón; 3, dos diferentes estragos no ánimo dos farra-
pos.

—entón, o recordo que gardas da cidade de Nova York son
os elevadores da cidade de Nova York

—en concreto unha síndrome de abstinencia no ano
1979, en concreto unha habitación, unha cidade...

unha cousa extensa.

—

*Paraules clau: walk, adjección, acción, audio, circo interior bru-
to, copyleft, cos sense òrgans, dérive, el afilador, em:t, espai
acústic, espai tangent, espai públic, esquizofrènia, flexible,
fluxus, infra-lleu, immaterial, intermedia, media, migració,
multiplicitat, màquines desitjants, n-1, nettime, nomadisme,
noms múltiples, panòptic, plunderphonics, producció inma-
terial, psicogeografia, subjectivitat performativa, vigilància,
werbartery, wryting..... K-men@gmx.net*

A grayscale image of a rose, centered and slightly faded, serving as the background. Overlaid on the rose are five white rectangular boxes, each containing a line of text in a black, sans-serif font. The text is arranged vertically, reading from top to bottom: 'TU NOM ÉS', 'FEIA,', 'É ESTA', 'SOCIEDADE', and 'QUE É'.

TU NOM ÉS

FEIA,

É ESTA

SOCIEDADE

QUE É

Iolanda Aldrei

Iolanda Aldrei nasceu em Santiago de Compostela em 1968. É licenciada em Filologia Hispânica (Universidade de Santiago de Compostela) e em Filologia Galego-Portuguesa (Universidade da Corunha).

Recita e escreve poesia desde a infância. Inicia as suas publicações em magazines escolares, para continuar em revistas como *Ólisbos*, *Agália*, *Nós*, *Cadernos do Povo*, *Temas do Ensino*, *Nova Águia*, *Caderno*, *Boletim da AG-LP ou Azul* e participando em recitais em múltiplos lugares da geografia galega e portuguesa, assim como noutros países. Publicou os livros de poemas *A Palavra no Ar* (1990), *Memória de nove luas* (1994), *O Grimório Azul de Samaná* (2010). Colaborou nos cadernos de poesia *Ao Mar de Adentro*, *8 e ½* no livro colectivo *Munditações* a partir das fotografias de Carlos Silva. A sua poesia foi incluída em antologias como *A Matria da Palavra* e *Antologia de Poesia Lusófona, ou Latim em Pó*. No 1994 estreia a obra teatral *Eva Perón* da que é co-autora. Conta e publica contos, é docente em cursos, participa como organizadora e comunicadora em congressos, seminários e jornadas.

Dirige teatro escolar.

Publica no blog <http://naterraverde.blogspot.com>, <http://ajaneladamoura.blogspot.com> e em diferentes suportes colectivos.

Como investigadora tem publicado diferentes artigos sobre língua e literatura.

CORTEGADA

*Para Xavier, na ilha.
Para as marisqueiras de Carril,
que penteavam ria ao pé do São Roque*

I

Na longa carvalheira dos galaicos
legava-se o livro dos sonhos,
à ternura do sol-pôr a pé do mar.

Agora fica a terra, apenas eco.
Fica a ria a destecer este aço líquido,
o farol breve do porto a retornar,
e fica em mim a voz de cada pedra,
a esperança da ilha a beira-mar
na nave das justiças,
junto ao rasto vivo
das agricultoras leves da maré
com pele de alga e voz formosa.

As sereias de viveiro no minguante
cantam nas conchas alalás.

II

Baixa o Ulha. Sobe o oceano.
A terra abre leiras baixo o mar,
os quintais reflectidos das estrelas
que cultivam aquelas minhas mães
de força e saudade.

As saias deixavam-se partir
nas costas encurvadas
a leirinhas de colheita animal,
submergidas na herança de canastros
e nos pés do silêncio,
por colunar conto comunal com concha viva
e retornar areia a navegar.

III

A praia era rasto de gaivota e pé de mulher.
Chegavam os banhistas e as ondas.
Chegavam já os canos até o mar
e a semente perdia o seu cheiro primitivo,
odor de lembranças e loureiro,
de pólvora e rocha revestida,
de alga e micélio, ferro e pão.
Perturbados horizontes entre o fumo
e o negócio de luz a planear
na velocidade, na noite, no ouro
sem espera ou amanhã,
enquanto as ondas vermelhas reflectiam
mais uma morte que as que perde o chão,
e afogavam o rochedo, mesmo a árvore,
entre sombras ainda a mariscar.

IV

Voltamos.
Havia um muro de pedra coroado de espinhas.
Havia um templete no jardim.

E o monte sumira na distância de especuladores brancos.
Por isso perguntei à ermida
e aos carvalhos tristes,
e aos penedos sós,
por espelhos de ilhas,
e tomei nome de barca
nas tardes da infância e a erva livres
mimetizadas em alga,
ou insectos salgados de ribeira.
E procurei pente a beira-mar,
rumo a Cortegada, terra-povo,
viveiro de um berro feito som,
onda que revolta tempo e lua
nos solstícios da noite,
uma canção.

Lorena Souto

Lorena Souto naceu no concello do Páramo, á beira do Miño, aínda que reside dende hai unha década na cidade de Compostela. A súa actividade poética, desenvolvida especialmente en recitais públicos, fica espallada en distintas publicacións colectivas e sitios web.

Nestes momentos o seu proxecto poético orbita ao redor do concepto de identidade, das distintas formas de construción e deconstrución da propia identidade, explorando especialmente aquelas que se constrúen dende a alteridade ou que sobreviven marxinalizadas polo sistema.

«ti que es?

que es que?

o punto no que 'rarito' pasa a designar todo aquilo que se considera retorto, inclasificábel, fóra do que as persoas ben educadas poden pronunciar.

O desexo terminante de botarse a perder, de desestabilizar os binomios e de desencaixar perfectamente, de rendernos tan só aos propios monstros.»

SE EU TIVESSE UM MARTELO...

IA ESMAGAR O CAPITALISMO PATRIARCAL
E A SUPREMACIA BRANCA

atopei-no!



Fóra dos límites transitábeis da cidade
as vosas consignas resoan demasiado lonxe
e o trezado das oracións semella o mesmo

Xa non hai campos de magnolias,
o cheiro a carne queimada espértame
entre o ruído dos coches.

E tras o café, a barra dos beizos
non consegue borrar
as inhóspitas calexas que o bus das 7:00
atravesa na procura do día e das rúas con escaparates

blood on the leaves and blood at the root

a sentenza irrevocábel de quen me di
que non debo meter homes na miña casa
se non quero que me fagan mal

a choiva segue a caer máis forte
a lama entérranos os pés
e seca máis tarde, xunto co sangue

blood on the leaves and blood at the root

Os vosos sonhos precisan doutras palabras
que removan a terra
que chamen por min e polas demais
alí, onde todo o mundo parece esquecer
que, non hai tanto,
os nosos cabelos e a nosa pel
eran abono nos vosos campos

PERKINS GILMAN

Procuo non soñar en min os pesadelos de nai
pero choro recta na cadeira da cea
e peiteo o cabelo garçon até facerme sangue

Finxo agardando o beneplácito dos beixos

Está en todo e esperto entre o medo de non chegar
de mirarme por casualidade nunha poza e atoparme

[bonita

que ela saiba que estraño as cores na roupa

A pegada do índice bórrase seguindo as liñas de tinta

Son forte e non me mancan os seus desprezos
busco as metas que soña no desencanto
e fágoas miñas coma unha dor crónica que me alimenta

Non podo querer para min esa extensión do eu que afoga

A rixidez de nai abre fendas imprevistas no papel
e eu aprendo a ser unha que nunca coñecín pero que

[desexo

a abrir e a mirar cuns ollos que aínda non temos

As noites de Alexandra fanse a golpe de pálpebra,
alí onde a lucidez estrangula e atormenta con revelacións,
a luz penétrate coma o gume brillante dos coitelos.

Os lazos familiares estréitanse
dentro da calor das sabas empapadas de suor
a visión dos avós nos barracóns,
sen roupa e amontoados no medo,
deixa o espazo suficiente para caer e perderse.

Rejzla pasa a ser mamá Rosa e todo se volve livián.
Dentro dela, mesmo antes de que ti naceras
a asma xa era parte da memoria familiar
a palabra asfixia circundando o voso camiño
unha xoia máis que herdas dos teus antepasados.
Ser a eterna nena que leva as mans cargadas de morte.

IRIA E MONIQUE

Sempre desexei ter os teus planos
a soltura coa que trazabas liñas sobre mapas antigos
xa de nena
reenchías de cores vivas as deidades do templo
e lembrabas

Falan en círculo e unha delas di
houbo un tempo no que non fuches escrava, lémbtrate
ou, se non podes, inventa
Unhas narran historias inverosímiles
outras só falan da nostalxia do que non recordan
unhas poucas choran

Ti gardabas a historia de centos
coñecías a medida dos pasos borrados
volvías soa
onde non estiveran antes as túas mans
e coñecías todos os seus nomes
os seus costumes

Moitas senten que se algún día foi
o recordo soa coma un estrondo silencioso
moi ao lonxe
que non hai palabras para describir esa época
que non existe

Eu só envexo os teus recordos
os lugares que dis poder visitar
os arcos que trazas de memoria sobre xeografías novas

Manuel Darriba


Manuel Darriba naceu en Sarria (Lugo) en 1973. Estudou Xornalismo e Filosofía. Traballa por conta propia como xornalista, guionista e escritor.

A súa obra poética comprende os libros *Calor, Vostede non sabe con quen está a falar* (Premio Espiral Maior) e *Os indios deixaron os verdes prados* (Premio González Garcés). Na actualidade traballa no ciclo poético *Cidade do pánico e a risa*.

Como narrador é autor de sete novelas, títulos como *Vela da do billarista* (Premio Lueiro Rey), *Accidental* e *Branco*. Os dous primeiros foron editados en español por Bruguera. Escribe tamén relatos curtos, algúns dos cales formaron parte de diversas antoloxías.

Exerce o xornalismo desde moi novo. Foi reporteiro e enviado especial de *El Progreso* de Lugo e ten colaborado en medios coma o xornal económico *Expansión*, a Axencia Galega de Noticias, o magazine galego *GPS*, o dominical de *El Periodico de Catalunya* e os suplementos dominicais de *El Mundo*, onde publica actualmente.

No eido audiovisual é guionista de diversos proxectos de ficción e guionista e director dos documentais *Tolos por Xapón* (nomeado aos Mestre Mateo), *Prodixiosos* e *Pacios*.
As fotos da memoria.



OXFORD

Homenaxe a Philip Larkin

A intimidade dos parques, non é?,
lavados e peiteados despois da treboada.
Ao fondo hai edificios nobres
devorados polo musgo, e iso atormenta
os espíritos sensibles.
Cae a noite; soan campás violetas.
A que velocidade
se alonxan os cemiterios...

KAPUTT II

Homenaxe a Raymond Carver

Aparto os recibos mentres busco a cervexa.

Fóra hai moreas de lixo e cans que enredan.

Nalgún recanto do apartamento
coitelos rañan nas tixolas.

As noites empezan a ser frías. O teléfono
estoupa coma unha uva ao sol.

E a conversa é moi breve:

—Lembra que non somos unha estirpe de covardes.

—Non, lembra ti

que non somos unha estirpe de valentes.

A PORTA

Homenaxe a Josele Santiago
Chamáronnos con voz profunda: *Entrade...*
Obedecemos.
Unha vez alí, todo era azul.
Sapoconchos buceaban panza arriba
retorcéndose na auga eléctrica.
Que che parece todo isto?,
preguntou ela, mentres o futuro
esmagaba aquela cara tan bonita...
E os ollos brancos flotaban cara arriba.

(Do libro *Os indios deixaron os verdes prados*,
Premio Miguel González Garcés 2010)

berra como umha

MULHER



María do Cebreiro Rábade Villar

María do Cebreiro Rábade Villar (Santiago de Compostela, 1976) é escritora e doutora en teoría da literatura. Exerce como investigadora e profesora na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. É autora dos ensaios *As antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña. Representación poética e ficción lóxica* (2004), Premio Dámaso Alonso de Investigación Filolóxica, *As terceiras mulleres* (2005) e *Fogar impronunciable. Poesía e pantasma* (2011).

Como poeta, ten publicado os libros *O estadio do espello* (1998); *(nós, as inadaptadas)* (2001), accésit do Premio Esquíu de poesía; *Non queres que o poema te coñeza* (2004), Premio Caixanova; *O barrio das chinesas* (2005); *Os Hemisferios* (2006); *Objetos perdidos* (2007), autoantoloxía bilingüe; *Cuarto de outono* (2008); *Non son de aquí* (2009), traducido ao inglés por Helena Miguélez-Carballeira (*I am not from here* Shearsman Books, 2010) e, en coautoría con Xosé Carlos Hidalgo Lomba, *Poemas históricos* (2011). É autora da escolma *Damas Negras* (2001), con letras de cancións de mulleres afroamericanas, e da tradución ao galego da obra *Three Lives* de Gertrude Stein (2005).

CAL DA LOBA

Contemplamos a torre. Non somos
os herdeiros nin do escudo
nin do traballo pouco minucioso
—lousa e pedra caliza—
dunha nobreza antiga e resistente
que acaso non poidamos chamar nosa.
Isto non é o deserto. É o val
húmido e quente dos meus soños,
que veñen coincidir cunha escritura
feita de moitas mans. Entro no foxo e penso:
Por entre as nosas fendas somos unha familia.
Entre dúas xeracións,
todo o noso contento é persoal.
Sabemos que a alegría non é histórica,
que a beleza se afasta dos que a buscan,
que en condicións propicias á mentira
até a mesma verdade nos delata.
Neste serán de marzo do ano 2011,
que lembramos da torre de homenaxe?
O manual non minte, pero o certo é que hai couza
en todos os exordios. Xa nin os felgos medran
á sombra da nación. Noutras palabras:
a patria non é menos perdoable
no verde dos seus ollos; non é máis admisible
na pedra que pisamos, menos inofensiva no lique
que non vemos. E porque a nosa carne
non foi feita de pan senón de lama, as palabras
tropezan hai tempo nos cristais,

e hai medo nos abrazos
e interese nos ósos
e as palabras de amor non son da boca
e este lugar non quere máis palabras. Podo acaso
escribir sobre todo isto? Sei da pena que fura
o corazón dos meus? Sei como se manexan
as máquinas pesadas, sei algo sobre as vacas que non dan,
a tía que non dorme, o cuarto sen avó,
o curmá de tres anos
que soña coa matanza? Podo dicir todo isto sen castigo?
Un país que está vivo cando mata.
Por que queremos épica se hai morte?
Por que vemos a torre se xa non hai muralla?

(Do libro *A queima*, inédito.)

[SEN NÚMERO]

o poema funciona como unha evocación,
hai paraugas e hai noite e a escena é
infrecuente, porque a luz é interior
(iso é o que se repite):
ti fálasme da guerra, a túa conversa abre
unha premonición e
eu penso que o que dis pode salvarnos
ou tal vez condenarnos,
que é suave e paranoico
como as cousas nas que hai que reparar
e penso: se a tristeza é a consciencia,
por que non a escollemos como arma?
Hai unha cercanía que nunca volverá,
mais de súpeto é a hora
de regresar á casa, cada un á súa casa
e se te fixas ben, ninguna
desas casas era a nosa.
Daquela, non é a nostalxia
a causa do poema
nin a súa consecuencia, e nin sequera agora
podemos decidir qué versos escoller
e para qué propósito.
Todo se perderá e nesa perda
cabarán encollidos
os nosos corazóns. Indemnes,
como dis. Lougo houbo algo
imprevisto, algo como unha
broma co paraugas, algo que igual non dá

para pechar o poema.
Iso é o que non podemos recobrar.

(Do libro *A queima*, inédito.)

Eran follas pequechas,
se cadra de carballo,
non sei ben.
Apareceron xuntas
onda o río.
Non igual ca unha
ofrenda, pero tenras.
Fixéronme lembrar
o seu consello: «non
esquezas o corpo».
Como se a intelixencia
fose o único obstáculo
que debía
vencer. (De certo,
non era o único.)
Pero como facer
que as palabras se abran
coma follas?
Se o soubésemos, penso
que non escribiríamos.
Porque non hai
talento para
a rabia, senón só rabia.
Non hai sensualidade,
senón cousas sensuais.
O que el dixo daquela
non pode transmitirse
e no espello do río non
canta o noso amor.

(Do libro *A queima*, inédito.)

María Rosendo

Nada en Vigo en 1984, María Rosendo mora até os 18 anos na cidade olívica para, a partir de entón, comezar unha andaina que a levará a atravesar Compostela desde dentro e desde fora, habitando nos entrementes Madrid, Suecia e Buenos Aires.

Nesta transhumancia polos espazos físicos, móvense tamén os poemas na búsqueda dun espazo propio: un espazo que a partir de agora se construírá en maiúsculas.

Os lugares polos que camiña levan nome de muller, as mulleres nas que busca a verdade de sabérmonos libres.

Coa primaveira vén de publicar o seu primeiro poemario, *Nómade*, gañador do XXIII Premio Nacional de Poesía Xosé María Pérez Pallaré. No ano 2010 foi tamén gañadora do VII Certame Literario Feminista do Condado.

Na actualidade vai migrando polos equinoccios na cidade de Compostela.

Sabe que na forza das mulleres está o camiño da emancipación.



PAROU a choiva
chegou o silencio
houbo un latexar de arumes acedos
tampouco hoxe fomos quen de acender a luz
para as que lle teñen medo á escuridade
xa non máis letras nin fotogramas
xa non máis témperas non coordenadas
desaparecen os trazos
mais aínda ás agachadas
fican exactos os mapas dos teus lenzois
 debuxando London City
 resumindo Buenos Aires
 disfrazando Nairobi
o mosaico pronto para mostrarnos
o lugar onde non estás
ábrense as tebras
e agora,
a lembranza de que tamén na escuridade
a Helena
lle roubaron
o seu agá.

VIÑA para che dicir
que as xoaniñas deixaron de maquillar
as follas dos arbustos
teño centos de feixoas á espera
de seren comidas
mais xa non gosto das sobremesas
non quero
dúas pedras de azucre para o café
levo as bragas pretas
e a dor camúflase entre os fíos
nunca sei cando chega
o outono
até que descubro
o lobby das castañas
a subir pola rúa de San Pedro
berramos con cinza
e o noso eco ficou
impregnado
nos muros da Costa Vella
Son efémera
se me beixas
desaparezo
teño o teu seme encima do corpo
teño o teu medo encima do corpo
esmágame
fasmе cachizas
mais cada anaco de min
ten unha peza que encaixa
na súa
procura.

FORON trinta e un días coas feridas pegadas aos baixos
[da cama

e non movías nin a quinta uña do pé

estourábache o corazón
como se fose

un geyser
levitando o teu flaxelo
de máis de seis mil anos
de peregrinación aos ceos

era abrir os ouvidos
e caer o sangue
por entre as pernas
errando nos camiños
da resignación

quitáronche o nome
e ficaches muda

nos trescentos veraos seguintes
cubriches o teu corpo
do incesto
e fuches ao purgatorio
vestida coa roupa dos días de festa
e as flores do 1 de novembro nas maos

todos os nichos da igrexa de San Paio
levan o teu nome

encarambelaches tres bágoas
no samaín do 74
por nós soñarmos que voltabas a casa
a xogar cos peluches

mais a ti
xamais te interesaron
os finais dos contos de fadas.


VÓS
obreiras da dignidade
moldeades balbucidos
entre argamasa de Babel

na maré que a lúa trae
nosoutras

sempre

navegar

hai unha lingua
Yahveh,
que aínda non deches
destruído.



Paula San Vicente Pellicer

A Corunha, 2 Abril 1963.

PUBLICAÇÕES:

1998. *Gatos a lápis sem ponta*. Ed. Caminho (Lisboa).
Poemas.
- 2000-4. Contos diversos na *Revista Rodapé* da Biblioteca de Beja e na *Mealibra* (Viana do Castelo).
2003. Prémio de Narracións Breves Manuel Murguia.
2005. Conto na *Revista 365*.
2006. *El mercado de San Agustín*. Na Revista La Siesta del Lobo, de Albacete
2006. *As Idades dela*. Em Contos na Baiuca, Ed. Espiral Maior. Prémio Murguia 2003.
2006. *O regresso* I e II. (Conto) Publicado no jornal de literatura Rascunho, de Curitiba, Brasil.
2007. *O Corvo e a Cigarra*. Em *Viver é ser no tempo intemporal. (Recados a Miguel Torga)*, Livro de vários autores dedicado a Miguel Torga, editado por Ed. Universidade Fernando Pessoa.
2007. *Fios-de-contas*. Ed. Laivento. Prémio Carvalho Calero 2006.
2007. *A minha palavra favorita*. Texto: SULFATO. Ed. Centro Atlántico_Jorge Reis Saa.

MADALENA

Beijou-a demoradamente num gesto estúpido de homem que delega e exhibe:

—Conforta-o, Madalena, ele precisa-te.

Depois saiu e fechou a porta.

Ela olhou então para o amigo sentado na poltrona dentro do quarto. As sombras dos dois ficaram enormes e sozinhas dobradas de desejo até tropeçar e convergir quase no ângulo do teto. Ele não chorava mais.

Depois de centos de quilômetros de carro, de lágrimas e noite, desabara em palavras contando brevemente a sua história triste de traição e perda. Triste, como todas as histórias de amor que se terminam. Ela, a sua, a primeira, a de sempre, dormia agora com outro. Resumo. Estas palavras saíram entre babas de ódio seiscentos quilômetros afastadas agora da linda boca daquela, da que perdera a memória dos seus beijos. Aquela, a primeira, a sua, a de sempre, já não era dele. Era agora a carcoma que mordida o seu sexo. Chorou diante do amigo que escutava, abraçava, confortara. Amigo.

—Conforta-o, Madalena, precisa de ti.

Ela percebeu o aceno orgulhoso do que empresta. A generosidade afetada do que exhibe.

—Conforta-o Madalena. E saiu fechando a porta. Ela sabia do seu sangue concentrado entre as pernas e escutava o silêncio que corria sob a porta fora do quarto. Ela soube que brincava a ser dono. Não se importou.

Ficaram os dois sozinhos com as suas sombras coladas nas paredes, afiadas. Não chorava mais. Não chorava porque

não há força mais grande que a surpresa do sexo para matar a lástima dum mesmo e combater o medo. A umidade do seu corpo concentrava-se agora onde tinha a dor. Onde mordida a carcoma, onde sentia a mordida paralisante e a humilhação de não ser mais homem. De perder. Mas ela estava certa. *Conforta-o Madalena.* Ela conhecia a dança, a liturgia, o código, a palavra. Tinha todas as chaves e conhecia os tempos e as confluências todas do pânico e das sombras, dos hormônios e do olfato e até das pontas dos dedos. Sabia onde pousar os olhos e onde não deviam arribar os lábios sem que as mãos sinalassem o caminho. Ele estava exausto, gasto pela rotina e humilhado. O desleixo corria pelas veias azuladas dos seus braços, como um farrapo. Sentado até como um farrapo na poltrona. Exausto. *Conforta-o, Madalena.*

E Madalena úmida, sem paixão, esticou os seus dedos até tocar décor os lábios dele que ficaram vazios. Sinalou os seus lábios para chegar à sua língua, para sinalar a rota. Os dedos de Madalena, bússola na pele do homem que espera em silêncio. Aqui vou demorar, aqui você vai gemer, aqui é que vou ligar a luz dolorida do teu desejo morto e carcomido.

Madalena beijou-o com a sua boca aberta, com a língua a percorrer os recantos que ele tinha esquecido, e enquanto a língua batia nos seus lábios e nas paredes últimas da garganta, ela aproximou o seu corpo de aquele farrapo sentado na poltrona. Se a língua ressuscita, o sexo acorda. E então Madalena sente na sua boca aberta a língua viva que responde neste conhecimento do sangue que lembra. E para. Cessa. E os seus olhos sorriem lentamente sina-

lando uma pausa e uma distância. Devagar. Eu, Madalena, trabalho. Tu recebes, meu amigo. Eu conforto, Madalena. Tu choravas, meu amigo. Tu recebes.

Os dedos de Madalena fecham os lábios dele recém nascidos e descem e sinalam. E a bússola da sua viagem sinala ao sul onde confluem os mares e as miragens, o sangue e os latejos. Devagar. Madalena ajoelhada com os dedos na carta marinha do peito dele, que desce e desce e desce e de pronto respira e fecha os olhos. Madalena sorri desde muito longe. Desde muito antigo. Sorri apenas com os olhos porque a sua boca é corrente de ar quente e água. Como deserto e sede. Como deserto e água.

Madalena é ímã para onde corre a língua e para onde tentam chegar as mãos dele e ela não deixa. Ainda não. Eu conforto. Eu sou água. Eu corro para você, você espera, demora, tensa, cresce, só depois desaba. Só depois me toca. Só depois os teus dedos me pronunciam.

E então as mãos dele bóiam no ar e se abrem como assas par deixar a sacerdotisa pagã fazer o seu rito de fluxos e de curvas. Ele quer voltar a crer. A vontade toda na força do seu sexo que ela libera agora, desde o arco perfeito da coluna que geme. Todo o seu medo e a dor e a dúvida e a memória nesse ponto que ela faz desaparecer na sua boca quente e macia e grande. Ele chorava e não chora. Ela conforta.

As mãos dele procuram, mas é proibido. Não se pode tocar, ficam cegas, não me toca, eu sou lume e miragem, sou apenas desejo e teu conforto. Não me tocas, até ficares certo, até ficares sem medo, até perderes o rosto de aquela que era a primeira, a única, a carcoma, e agora dorme com

outro. Até dizer o meu nome feito luz na tua pele, o meu nome feito fome. O meu nome na tua voz de homem. Madalena devora o sexo que transborda saliva e sal, os seus cabelos roçam as pernas dele nuas e as mãos acariciam com fome de carne o ar.

A boca de Madalena repete o ritmo das coxas que repete o bater do sangue, que repete o correr da água, que reflete o som do seu gemido, que repete o pulso nas veias, que repete a força com que se mexem os quadris dele sentado na poltrona. Cego de mãos. Mudo. Sentado na poltrona aprendendo a ser homem mais uma vez. Não te movas, não me toques, o sexo dele a resvalar na língua dela que pronuncia palavras de idiomas perdidos. O sexo cresce na boca dela e arde e Madalena ergue-se então como uma deusa exilada, apenas pernas e seios, pernas abertas e areia e água. E Madalena macia deixa que o corpo dele penetre no seu, resvale até ao mais fundo para encontrar um grito. O grito do primeiro som que faz com que ele ressuscite e se encontre com o homem que já não recordava. E os dedos dele pronunciam o nome dela, *Madalena*, e marca a sua carne com a desesperação da terra, como as unhas na pedra. Abraça. Penetra. Bate. Goza. Cresce. E grita. E volta. E abraça. E queima-se. E a luz desfaz as sombras. E cessam. E apenas por acaso os olhares se roçam. Estavam ali de sempre.

Madalena deixa desaguar entre as suas pernas. Deixa as mãos dele acariciar o esperma que resvala seu entre as pernas dela, reconhecer-se ali, confirmar-se nela. Deixa também resvalar um sorriso doce e cansado que sela um pacto e promete Terra. Depois sai. Fecha a porta.

Madalena se deita junto ao corpo estúpido do outro que dorme sem saber que não possui, sem saber que a areia corre como corre o tempo, entre os vincos da pele e as esperas que demoram até que chega um instante. O desejo rosna sob as portas, como o vento do sul durante as noites de inverno.

Madalena é areia que nem tempo fecha.

Séchu Sende

Nacim em Padrom no 72. Som profe de secundária, o que me permite conviver dia a dia com a raíz da juventude. Gosto mais de escuitar que de falar. Ainda que, de algum jeito, a minha forma de falar é escrever. Escreber é inevitável, como cambiar o mundo. Ainda que nom o saibas, tu tamém estás a cambiar o mundo, com cada umha das tuas palavras.

Do meu primeiro livro, *Odiseas*, alguém me dixo que parecia estar escrito por muita gente. O meu segundo livro chama-se *Orixe*. Na capa aparece um home com umha lanterna, umha luz procurando na noite. O meu livro *Made in Galiza* permiti-me conhecer milheiros de persoas no meu país e muita gente no estrangeiro. *Animais* é o meu último livro e pode ser um livro de aventuras, um album de cromos, um dossier top secret, umha exposiçom de aguarelas, um tratado de ecologia, umha bitácora da resistência, um livro censurado, umha nota na neveira, um post num blog, um tatoo. Tamém som domador de pulgas no Galiza Pulgas Circus.

DENANÇAS VIOLENTAS

QUE ESCRAVAS



E ISTO É O AMOR

Da tua mão direita
à minha mão esquerda
tendemos um tendal de roupa
de todas as cores entre nós
e isto é o amor

Erguemos os braços
e com a roupa ao vento
vamos caminhar
secar a roupa ao sol
e isto é o amor

Entre fábricas baleiras
dentes de leão
e prados com bubelas
asubiamos esta canção
e isto é o amor

E no tendal levamos calcetins,
camisolas e bragas violetas
e o teu sostém
e a minha camisa negra
e isto é o amor

E a gente olha para nós
e pensa que é um sonho
e pensa: Isto é amor
e isto é o amor

E isto é o amor

A Rozio

TUDO CÁMBIA QUANDO EU SONHO

Tudo cámbia
quando eu sonho.
Quando eu sonho
cámbio de forma de ser,
e cada vez que abro os olhos
o mundo é diferente
porque eu cambiei.

Cámbiam os teus olhos,
os lagartos e os rios.
Cámbiam as ilhas de mar
e os paxaros, de ninho.
Cámbia de futuro o passado
e o meu país, de caminho.
Cámbiam os sons da minha língua
no teu embigo
e a cor do vestido da mulher
que cámbia as cousas de sítio.

Cambiar é inevitável,
sonhar é aprender a viver,
e eu podó viver outras vidas
ou sonhar que morro,
mas quando abro os olhos sei
que por muito que cámbie
eu sempre serei eu.

JACK LONDON NO CAUREL

Jack, essa camisa tam branca e a cicatriz
na fazula som umha contradiçom.
O mapa parece umha folha podre
de tabaco, o mapa da vida.

A gente com os machados nas maos,
o lume branco, a fatiga, a luz glaciari
e as sombras pesam nos olhos.

Falta-me um olho, perdim-no em sonhos.
Mas hei recupera-lo.

Na Lucença, em primavera,
aparecerá o meu cadáver azul
com umha colher na gorja.

Eu tamem colecciono pedras,
Jack London, redondas pola erosiom da noite.

Tamém sonhei que a meu filho
se lhe espetava num olho
umha espinha de tojo.
Se o escrebo talvez nom suceda.

COMIGO-NINGUÉM-PODE

Senhor Presidente:

Pola presente aqui
lhe envio umha planta e mais um poema.
O poema é breve,
a planta, originária do Brasil.

Dieffenbachia é o seu nome,
aínda que a gente lhe chama
Comigo-Ninguém-Pode.

Vem do Amaçonas
e chegou a Europa como planta decorativa
de interior,
pola sua tolerância ás sombras
e a sua cor sempre viva.

Senhor Presidente,
debe saber, porém,
que a planta é tóxica,
que as células do caule e das folhas
contêm oxalato de cálcio
em cristais aciculares
que se afectam a gorja
podem provocar mudez,
nos casos graves.

Por isso se chama em inglês
Dumbcain
ou Cana do mudo.
Tem muito poder.

E isto nom o estou a inventar,
nom é lenda nem mitologia,
merquei-na por tres euros,
numha floristaria.

Debe saber tamém
que nos Estados Unidos
foi utilizada para punir os escravos:
enchiam-lhes a boca de folhas.
Muitos homes e mulheres ficaram
para sempre acalados.

Esta planta deixou sem palavras
milheiros de persoas
que perderom para sempre a fala.

Por isso quixem eu
enviar-lhe esta planta,
Senhor Presidente,
recordou-me a sua forma de ser.

E agora vai a despedida,
mas devo dicer-lhe antes
que creio na justiça poética,
que a água nunca debe estar fria
e o rego há de ser abundante.

Um saúdo desde
a raíz dum toxo verde.

AS CORES DA GALIZA

Recolhes na maó
umha estrelinha
ao podar a maceira
com umhas tesoirinhas.
Nascem livros nos prados
para ler com tranquilidade
á sombra dumha árbore
a palabra liberdade.

E há um lobo e um merlo
e umha nena violeta
e palabras plantadas
como flores nas macetas.

E com os olhos fechados
no pilom de lavar a roupa
está essa mulher
que sempre dá muitos abraços.

Há um corvo que canta
umha cancióm de aqui
e ves música de cores
e alguém pensa em ti

E vas de bicicleta
de noite e de dia
atrás de estrelas verdes,
vermelhas e lilas.

Há tamém muitos beijos,
muá, muá, muá

e um paporruivo
que nom sabe cantar.

Dentes de leóm, acordeóns
e banheiras na leira
e gente a fazer o amor
do Caurel a Novoneyra.

*Olha que se te quixem
foi polos grelos.
Agora que nom os plantas
já nom che quero,
di Frida Kahlo
com um sacho na mao.*

Há sempre gente
alegre e muitas flores
e os paráguas nom som negros
porque a chuvia os tingue
de todas as cores.

Estám a cambiar a vida
muitas mulheres sonhando
na Galiza e no mundo
de cores de Leandro.

A Leandro Lamas



Mulheres livres no 1934,
mulheres livres no 2011,
mulheres livres sempre!!

Xosé María Álvarez Cáccamo

Xosé María Álvarez Cáccamo naceu en Vigo (GALIZA) no ano 1950. Poeta e crítico literario, ten publicado ademais obra narrativa e teatral. É autor de poemas-obxecto e visuais.

É autor dos seguintes libros de poemas : *Praia das furnas* (1983), *Arquitecturas de cinza* (1985), *Os documentos da sombra* (1986), *Luminoso lugar de abatimento* (1987), *Cimo das idades tristes* (1988), *Fragmentos de mar* (1989), *O lume branco* (1991) (traducido ao catalán, *Foc blanc*, 1994, e ao francés, *Le feu blanc*, 2008), *Colección de espellos* (1994), *A escrita das aves de marzo* (1997), *Calendario perpetuo* (1997), *Os cadernos da ira* (1999), *Vocabulario das orixes* (2000), *Depósito natural* (2002), *Vilar dos fillos* (2004), *Vento de sal* (2008) e *Cántico dos topónimos esdrúxulos* (2010). En *Ancoradoiro. Obra poética (1983-2003)*, editado en 2003, reúnense os seus libros de poesía publicados até o momento. A escolma titulada *De sombras e poemas que son casas* (2010) inclúe ademais un CD con textos recitados polo autor.

As súas colaboracións críticas (comentarios, artigos, prólogos, conferencias) están dedicadas fundamentalmente á poesía galega da segunda metade do século xx e foron recollidas no libro *Espazos do poema* (2009).

A miña nai na praia, tarde turba
de ondas a ferver.

A miña nai quebrada, brinquedo de latón
contra os muros do mar. Que non se entende
a música do tempo, onde estarei
cando o meu fillo poña neste verso
aquela tarde furna, o vento escuro
no estupor da luz cóncava. Os avós
cantaban por enriba do balbordo
da espuma. Mar adentro,
a perderse nun erro da memoria.

A miña nai sen áncora
regresa aquí setenta anos despois
e permanece trágica
fronte aos muros do mar.

(Vento de sal, 2008.)

estamos ficando mudos e sen ruído nin boca de soño
[que conduza e rompa

camiñamos eivados e cegos por debaixo das pontes de
[lume do imperio

xa non seguimos rumbo
a vida agora é pozo de fondeo un barco enfermo lonxe
un silencio sen víscera

permanecemos xordos por debaixo das cúpulas da usura

a ferida a ferida das espiñas da lei
o rumor vexetal da falsificación
os labios sibilantes
do emperador

non paran nunca nunca de cercarnos a casa de
[queimarnos no centro por debaixo da roupa
arde esta casa aquela e todos seguimos dentro e non
[facemos ruído

por que non temos música
ou dinamita
ou voz

(Inédito, 2010)

PERO TALVEZ MAÑÁ

mañá vulto perdido no arrabaldo
mañá cifra inexacta para ler ás escuras
documento sen libro papel cego
tristura de mañá vento de escoura

eu non estou mañá
cando estralan as luces e o pan pousa na porta
mañá nas caixas fortes como unha besta xorda
mañá nas terras ermas e na boca do incendio
mañá na sinatura da lei depredadora
estou mudo no espello cando vexo mañá

pero talvez mañá
veña o río crecido contra as casas de ferro
e fuxan extramuros os que secan a luz

pero talvez mañá
sexa un número exacto e un documento certo
na razón da Cidade

hoxe falo no espello
do soño de mañá

(Inédito, 2009)

FUTURO

*Para Alberto Augusto Miranda
ese que está sempre abrindo tantas portas.*

Só hai futuro no reparto exacto da vontade do vento,
na luz que se conquista para pousar un astro en cada casa,
na milimétrica desfeita da raíz dos ferros da galerna.

Futuro, terra longa en que adiviño o mar,
inevitábel cais da boandanza, día fraternal da sombra
[vagacentas
e do rumbo dos bois que van entrando a cargar fardos
[de pan.

É cun futuro comunal que estamos a estercar veigas e
[soños
e nunca poderán contra o corazón absoluto con que
[camiñamos tan decididamente
e non poderán fondear no cerne das abras o proxecto
[negro con que queren extraviarnos.

É dun futuro de casas altas a espreitar o sol sobre o cimo
[dos soutos e o mar como un tellado de mil augas
e ríos conducidos con pauffero de brazos radicais e mans
[que de hora en hora tocan fondo de flor máxima
que estamos edificando un arrecendo bravo, antigo como
[os primeiros sedimentos.

Medra nos máis lonxincuos arrueiros unha vontade
[unánime
que sementa insólitas hipóteses e descoñecida labranza
e non precisamos nome de profeta extraordinario.

Só vontade
de discurso oceánico que gavea as murallas
da extrema capital de ollos abertos.

É unha voz que se cultiva no arrabaldo das inmensas
[multitudes
e canta amorosamente metálica, definitivamente vermella,
e rompe no máis alto con razón de lóstrego.

E xa cantou cen veces o seu eco dentro do vaso cóncavo
[de sangue da Cidade
e hai días en que latexa como víscera dun animal nacido
[entre as mans dos que se aman
e deita astros de sombra no fondo do pozo verde do poder
[inicuo.

E só así
o futuro cabalga.

(Depósito natural, 2002.)





Andrea Nunes Brións
Ana Romani
Catarina Nunes de Almeida
Claudio Pato
Iolanda Aldrei
Lorena Souto
María do Cebreiro
Manuel Darriba
Maria Rosendo
Paula San Vicente
Sechu Sende
X. M. Álvarez Cáccamo

S.C.D. CONDADO